

CONCELLERÍA DE CULTURA

Recital Poético

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza para o mércores 15 de abril un Recital Poético que celebra o 25 Aniversario da publicación do libro “De amor e desamor”, ás 20.00 h. na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” (Pazo de Vila Melania- Vilaboa).

Intervirán:

Celestino Poza Domínguez, *concelleiro de Cultura*; Miguel Anxo Fernán Vello, *poeta*; Xulio López Valcárcel, *poeta*; Xavier Seoane, *poeta*; Miguel Mato Fondo, *poeta*; Manuel Rivas, *poeta*.

Para celebrar o 25 aniversario da publicación do libro *De amor e desamor*, un volume colectivo que tanta influencia ten exercido na literatura galega contemporánea, a Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” de Vilaboa, sumándose a esta efeméride, ten organizado un importante acto literario.

Consistirá este na plantación dunha árbore, un magnolio (en lembranza do poemario *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín) no xardín do pazo de “Vila Melania”, a cargo de varios poetas membros do grupo, desenvolvéndose a continuación un recital poético.

É unha ocasión única de podermos disfrutar da Poesía con algúns dos mellores artífices da nosa lingua.

Historia

En 1984 vería a luz un libro colectivo, *De amor e desamor*, editado por Edicións do Castro, e no que participaban un grupo importante de poetas coruñeses (Miguel Anxo Fernán Vello, Xulio López Valcárcel, Xosé M^a Monterroso Devesa, Francisco Salinas Portugal, Lino Braxe, Miguel Mato Fondo, Xavier Seoane, Lois Pereiro e Manuel Rivas e unha muller, a cullerdense Pilar Pallarés).

Un tempo despois, saíría publicada unha segunda entrega, *De amor e desamor, II*, na mesma editorial.

En certa medida, aqueles libros marcaron unha época, e estes membros da chamada “Xeración dos 80” (con outros/as poetas galegos/as) tamén foron coñecidos como a xeración de “De amor e desamor”.

CONCELLERÍA DE CULTURA

As persoas que conformaron ese grupo teñen escrito, nas súas traxectorias individuais, amplamente recoñecida e laureada con numerosos e importantes premios literarios (“Esquíó”, “González Garcés”, “Caixanova”, Crítica galega e española...) algunhas das mellores páxinas da poesía galega de todos os tempos. Moitos dos seus libros foron traducidos a outras linguas e amén teñen cultivado, con fortuna, o ensaio, a narrativa e o teatro.

25 anos despois, algúns dos participantes naquela experiencia quixeron retomar aquel espírito e conmemorar o 25 aniversario da publicación do libro.

Culleredo, 7 de abril de 2009.
O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.